

Praza número: 25/13001

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a de Ciencias da Saúde

Dedicación: Parcial P03

Área de coñecemento: Fisioterapia

Departamento: Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas

Docencia: 651G01035 Estadías Clínicas I (Fisioterapia pediátrica en Atención Temperá no ámbito hospitalario)

Centro: Facultade de Fisioterapia

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En A Coruña, ás 12:00 horas do 14 de outubro, para cumprir os requisitos a que alude o artigo 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constitúese a comisión que vai xulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023:

Presidencia: Profa. Ana Lista Paz

Secretaría: Prof. Antonio José Souto Gestal

Vogal: Profa. Mónica Méndez Pardiñas

Rep. Trab. (s/voto): Profa. Carmen de Labra Pinedo

Na A Coruña, a 14 de outubro do 2025

A presidencia da comisión

Praza número: 25/13001

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a de Ciencias da Saúde

Dedicación: Parcial P03

Área de coñecemento: Fisioterapia

Departamento: Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas

Docencia: 651G01035 Estadías Clínicas I (Fisioterapia pediátrica en Atención Temprá no ámbito hospitalario)

Centro: Facultade de Fisioterapia

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes: non se establecen especialidades de coñecemento afíns.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

- Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/ libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Valoraranse coa puntuación máxima (4 puntos) as contribucións publicadas por editoriais recollidas no ranking *Scholarly Publishers Indicators (SPI)*, *Book Citation Index*, *Scopus Books* e/ou en catálogos como *WorldCAT*. O resto dos libros multiplicaránse por 0,5. Os libros de autoedición multiplicaranse por 0,25.

Os manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria que estean relacionadas coa experiencia docente acreditada polo/a candidato/a multiplicaranse por 1. O resto de contribucións non relacionadas coa experiencia docente acreditada se ponderarán á metade.

Praza número: 25/13001

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a de Ciencias da Saúde

Dedicación: Parcial P03

Área de coñecemento: Fisioterapia

Departamento: Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas

Docencia: 651G01035 Estadías Clínicas I (Fisioterapia pediátrica en Atención Temperá no ámbito hospitalario)

Centro: Facultade de Fisioterapia

Prestixio editorial \ Relación docente	Relacionado coa experiencia docente	Non relacionado coa experiencia docente
Editorial prestixiosa (SPI, etc.)	$x1 \times x1 = x1,0$	$x1 \times x0,5 = x0,5$
Outras editoriais	$x0,5 \times x1 = x0,5$	$x0,5 \times x0,5 = x0,25$
Autoedición	$x0,25 \times x1 = x0,25$	$x0,25 \times x0,5 = x0,125$

- Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Valorarase o tipo de participación do candidato/a en proxectos/grupos de innovación docente, asignando 2 puntos para a coordinación, e un 1 para a colaboración/participación; e tamén o grado de recoñecemento do proxecto/grupo de innovación, asignando 2 puntos para proxectos/grupos acreditados como consolidados ou de excelencia, e un 1 para proxectos/grupos sen ese recoñecemento.

Tipo de participación \ Grao de recoñecemento	Consolidado / Excelencia	Sen recoñecemento
Coordinación	$2 + 2 = 4$ puntos	$2 + 1 = 3$ puntos
Colaboración/participación	$1 + 2 = 3$ puntos	$1 + 1 = 2$ puntos

- Estadías docentes superiores a un mes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Valorarase o carácter internacional (2 puntos) ou nacional (1 punto) da estadía docente.

- Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Valoraranse co máximo de 2 puntos as mobilidades de polo menos 7 días de duración. O resto das mobilidades docentes valoraranse de forma proporcional en base a asignación máxima.

- Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Recoñecementos ou premios de carácter internacional ou nacional (2 puntos), autonómico (1,5 puntos) e universitario ou outorgados por institucións equivalentes de relevancia e recoñecido prestixio (1 punto).

Praza número: 25/13001

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a de Ciencias da Saúde

Dedicación: Parcial P03

Área de coñecemento: Fisioterapia

Departamento: Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas

Docencia: 651G01035 Estadías Clínicas I (Fisioterapia pediátrica en Atención Temperá no ámbito hospitalario)

Centro: Facultade de Fisioterapia

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0,25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Aplicarase un coeficiente multiplicador de 0,5 para artigos que teñan un número de autores superior a 6, con excepción das contribucións nas que o/a candidato/a ostente a autoría principal (primeiro autor, último autor- aínda en autorías compartidas con esta categoría- e autor de correspondencia) así como as contribucións nas que o número superior de autores estea xustificado polo tipo de investigación ou o seu carácter multicéntrico e/ou internacional.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Valoraranse multiplicando por 1 os libros e capítulos de libros publicados por editoriais recollidas no ranking *Scholarly Publishers Indicators (SPI)*, *Book Citation Index*, *Scopus Books* e/ou en catálogos como *WorldCAT*. O resto dos libros multiplicaránse por 0,6. Os libros de autoedición multiplicaránse por 0,4.

No caso de ter máis de 3 autores por capítulo de libro e libro se aplicará un coeficiente multiplicador de 0,8, agás que o/a candidato/a sexa o/a primeiro/a autor/a.

Prestixio editorial \ Relación docente	≤ 3 autores (ou primeiro autor)	> 3 autores (sen primeira autoría)
Editorial prestixiosa (SPI, etc.)	$x1 \times x1 = x1,0$	$x1 \times x0,8 = x0,8$
Outras editoriais	$x0,6 \times x1 = x0,6$	$x0,6 \times x0,8 = x0,48$
Autoedición	$x0,4 \times x1 = x0,4$	$x0,4 \times x0,8 = x0,32$

III.2 Comunicacións en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Praza número: 25/13001

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a de Ciencias da Saúde

Dedicación: Parcial P03

Área de coñecemento: Fisioterapia

Departamento: Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas

Docencia: 651G01035 Estadías Clínicas I (Fisioterapia pediátrica en Atención Temperá no ámbito hospitalario)

Centro: Facultade de Fisioterapia

Os congresos internacionais multiplicaranse por 1, os nacionais por 0,5.

III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

As patentes, os rexistros da propiedade intelectual, os desenvollos tecnolóxicos, a creación de empresas de base tecnolóxica ou *spin-off* relacionados coa especialidade de coñecemento valoraranse con 2 puntos. Ao resto de contribucións se lles asignará un coeficiente multiplicador de 0,5.

IV. EXPERIENCIA PROFESIONAL. Puntuación máxima: 100 puntos

Valoraranse unicamente os méritos na especialidade de coñecemento da convocatoria. No caso do profesorado asociado e do profesorado asociado de Ciencias da Saúde, **unicamente os da actividade específica definida para a praza obxecto de concurso (Fisioterapia pediátrica en Atención Tempera no ámbito hospitalario).**

Na Coruña, a 14 de outubro do 2025

A presidencia da comisión